



Figura J. 19. Sistema modular Quita e Pon para un Casco Vello empregado en Palma de Mallorca (Fonte: Europapress)

No plano adxunto amósanse as localizacións que detectamos nas que sería posible tanto a localización de baterías completas, Quita e Pon como baterías completas no contorno e FO máis Resto no interior. En calquera caso, estaría garantido unha cobertura de todos os portais a 150 m como máximo para a fracción FO e Resto e de 250 m para V, EL e PC.

Pola mellor cobertura proporcionada de todas as fraccións, as alternativas 2 e 3 son as máis axeitadas e a decisión entre ambos pode realizarse a través de dous factores chave:

- Espazo existente para a colocación dos elementos de recollida, tanto fixos como os Quita e Pon
- Operativa da recollida



Figura J. 20. Localización proposta dos contedores quita e pon.

Respecto do primeiro dos factores, os puntos seleccionados para a localización dos elementos permiten tanto a implantación de contedores como dunha plataforma móbil, como pode observarse nas seguintes fotografías, polo que non existiría unha preferencia por un ou outro sistema, agás en cuestións relacionadas coa ocupación do espazo público a determinadas horas, a estética, etc. Nalgún caso, na actualidade xa existen

